

38 FESTIVAL DE ALMADA (PORTUGAL)

# A lente prodixiosa dos escenarios

Texto **Afonso Becerra de Becerreá**

En 2021, a Companhia de Teatro de Almada celebra o seu 50 aniversario e organiza o 38 Festival de Almada (do 2 ao 25 de xullo), unha referencia entre os festivais internacionais no mapa dos máis prestixiosos de Europa. Este ano de crises, coa ameaza do virus, pareceume que a programación foi especialmente enfocada a revelar e espertar as capacidades humanas fronte a vicisitudes. Non hai posibilidades se non hai conciencia, e a arte da acción (drama), estendida a diversas modalidades escénicas, pode mover conciencias, desde os afectos e as emocións, incluída a estética, que o xogo fai agromar.

*Who Killed My Father* (Foto de Jan Versweyveld) ↑

*Um gajo nunca mais é a mesma coisa* (Foto de Rui Mateus) →

Tanto o espectáculo que, polo voto do público, se fixo co Premio de Honra en 2020, *Rebota rebota y en tu cara explota* de Agnès Mateus e Quim Tarrida (Catalunya), como o que o levou nesta edición de 2021, *Who Killed My Father* de Édouard Louis, adaptado e dirixido por Ivo van Hove (Holanda), dan boa conta desa potencialidade reveladora de conciencias que posúen as artes escénicas. Dous solos ou monólogos de moi diferente factura estética que, non obstante, axitan conciencias ao mesmo tempo que moven emocións e pensamentos. Sen dúbida, o público de Almada non se anda con bromas.

Nesa mesma onda podemos situar, directamente, *Um gajo nunca mais é a mesma coisa* de Rodrigo Francisco, nunha coprodución entre a Companhia de Teatro de Almada e a do Algarve e *Corpo suspenso* de Rita Neves e Patrícia Couveiro. Ambas pezas sobre as secuelas da Guerra Colonial portuguesa. Unha análise contemporánea, nas formas e no tratamento, desa ferida histórica que aínda segue aberta. Unha abordaxe que sitúa no centro a figura do soldado de clase traballadora, que agora é un ancián





← *Rebota rebota y en tu cara explota* (Foto de Quim Tarrida)

**Tanto o espectáculo que se fixo ao Premio de Honra en 2020, *Rebota rebota y en tu cara explota* de Agnès Mateus e Quim Tarrida (Catalunya), como o que o levou nesta edición de 2021, *Who Killed My Father* de Édouard Louis, adaptado e dirixido por Ivo van Hove (Holanda), dan boa conta desa potencialidade reveladora de consciencias que posúen as artes escénicas.**

e que garda no seu currículo vital esa experiencia. A documentación testemuñal é absorbida pola ficción dramática e teatral na peza de Rodrigo Francisco e exposta e analizada pola *performance* acometida por Rita Neves a partir do seu propio pai.

Tamén nesa mesma onda de espertar consciencias podemos situar *Miguel de Molina al desnudo* de Ángel Ruiz e Félix Estaire, Lazona (Madrid), nun recital no que o actor fai un axuste de contas respecto ao fascismo da época, asumindo a voz do mítico

xenio do flamenco, que non deixa de facer eco no rexurdimento dos fascismos actuais que, como virus, se filtraron nas institucións democráticas e se traducen no odio contra o diferente.

Tamén *Discurso sobre o filho-da-puta* de **Alberto Pimenta**, dirixido por Fernando Mora Ramos, do Teatro da Rainha (Caldas da Rainha), e composición musical de Miguel Azguime, de Miso Music (Lisboa). Outro recital, a catro voces, como naquelas cantigas galaico-portuguesas de escarnio e maldicir, contra o virus da filloputez.

E xa dun modo máis indirecto ou impresionista, as confesións de mulleres, a facer do íntimo a espita que prende no público. Refírome á *Molly Bloom* prodixiosa de Viviane De Muynck e Jan Lauwers, da Needcompany (Bélxica) e á *Maria Callas – Lettres et mémoires* de Monica Bellucci e Tom Volf (Francia). No primeiro caso, desde a proximidade e a verdade da actriz de 75 anos, Viviane De Muynck. No segundo caso desde a distancia e o hieratismo dunha especie de oda mitómana.

E aínda, nese espectro, no que o íntimo nos pode desvelar, poderíamos incluír ás actrices Carla Galvão e Sara Castro, Cía. Dentro do Covil (Almada), na asunción ambigua das irmás actrices da ficción de Tennessee Williams, *Duas personagens*, confinadas nun teatro sen espectadores, a resistir e a prepararse para a chegada incerta dese público sen o cal o teatro non pode ser.

Alén dos relatos, a danza tampouco se desvinculou da raíz humana que lle dá sentido aos corpos, incluso nun movemento procurado máis aló dos trazos culturais, como fixo o grande mestre Josef Nadj, coa súa compañía Atelier 3+1 (Francia) en *Omma*. Título que, en grego antigo, significa ollo, ollar, o que se ve. Os oito bailaríns africanos, en comunidade dancística, foron quen de mostrarnos, a través do que se ve, o que non se ve a simple vista. Porque as artes escénicas son unhas lentes prodixiosas que nos afinan a mirada.

Estas son as experiencias que puiden desfrutar nas miñas viaxes ao 38 Festival de Almada. Non obstante, o resto de espectáculos do programa, aos que non puiden asistir, apuntaban, do mesmo xeito, nesa mesma dirección que tentei indicar ao comezo. As artes escénicas como xogo que nos afecta e nos fai pensar.